Culture and Traditions
Across the Pond

INSTRUCIÓNS DE INSTALACIÓN

Paul Roberto Herron Campos
(EOI de Santiago)
José Antonio Cartelle Cudilleiro
(EOI de Ferrol)

Proxecto realizado no marco dunha licenza por formación
retribuída pola Consellería de Educación durante o curso 2017-18

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

BY SA

Culture and Traditions
Across the Pond

Across the Pond consta das 20 unidades seguintes:

1. Chelsea Football Club
2. Baseball
3. Hobbies in the UK 1
4. Hobbies in the UK 2
5. Hawaii
6. The Blues
7. Calgary
8. Florida
9. Cricket
10. Miami
11. St. Patrick's Day
12. New York City
13. Thanksgiving
14. Niagara Falls
15. Across the Pond 1- Cultural differences
16. Across the Pond 2- Cultural stereoytypes
17. The West Coast
18. Manchester
19. Galway
20. Chicago

As unidades de *Across the Pond* están accesibles no repositorio do espacio Abalar en: https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazos/recursos

Cada unidade ten tres versións:

- **Versión en inglés**: as instrucións, a información e os subtitulados dos vídeos están en inglés.
- **Versión en español:** as instrucións, a información e os subtitulados dos vídeos están en español.
- **Versión en galego**: as instrucións, a información e os subtitulados dos vídeos están en galego.

Estas versións en varias linguas son unidades independentes, por iso, no repositorio de recursos Abalar, hai que buscar a versión adecuada. Por exemplo, se queremos que un alumno vexa o ODE *Niagara Falls* con subtítulos en español, haberá que seleccionar a versión *Niagara Falls (versión en español)* e se se quere a versión con subtítulos en inglés, entón seleccionaremos a versión *Niagara Falls (English version).*

Navegadores

Para o visionado das unidades recoméndanse os navegadores *Firefox* e *Chrome*. A única diferenza entre ambos está relacionado co botón de reprodución e pausa dos vídeos. No caso de *Firefox*, este áchase na parte inferior do vídeo e polo que se refire ao *Chrome* atopámolo na parte central, aparecendo o símbolo de reprodución ou de pausa ao pasar o rato pola superficie do vídeo.

Navegador Chrome



Navegador Firefox



En ambos os casos, tanto con *Firefox* como con *Chrome,* o menú do vídeo permite controlar o volume do audio e poñelo a pantalla completa.

Descarga da actividade

Os ODEs poden descargarse desde o servidor da Xunta para a súa implementación noutras plataformas ou como previsión para poder traballar co ODE en situacións nas que non haxa conexión a internet.

Unha vez descargada a unidade, atoparémonos cun arquivo .ZIP. Este arquivo .ZIP contén no seu interior un cartafol cos arquivos da actividade así como outros documentos como a guía didáctica ou o manual do usuario. Entre os arquivos do ODE atópanse os vídeos e os audios da unidade con extensións .mp4 e .mp3 respectivamente. Desta forma o profesor pode reproducir directamente os vídeos e os audios en local desde a súa computadora.

Por último, para poder executar en local toda a actividade, teremos que facer click no arquivo de nome *index.html* que atoparemos dentro do cartafol descargado.